

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) na seguinte orde descendente:*

| Orde | Licitador                         | Puntuación total |
|------|-----------------------------------|------------------|
| 1    | S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA | 91,99 puntos     |

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A., DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/11/2018 11:38

Páxina 1 de 3

Expediente 87/441

CSV: 2AE556-52E9C3-DA2FC8-CNXX51-AXGEVH-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o día 6 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 16 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, de acordo co informe de valoración da única proposición avaliable mediante xuízo de valor do 18 de outubro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 25 de outubro de 2018 polo que se outorgou ao licitador a máxima puntuación por ser o único presentado e admitido, de acordo coa cláusula 16.5 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA o procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) por un prezo total de 1.391.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 241.413,22 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/11/2018 11:38

Páxina 2 de 3

Expediente 87/441

CSV: 2AE556-52E9C3-DA2FC8-CNXX51-AXGEVH-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

[https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?  
lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

